

COMISIÓN DE REACTIVACIÓN: TRANSACCIONES

APROBADAS POR UNANIMIDADE:

1 TRANSACCIÓN PP + BNG + PSDEG

353.- Poñer en marcha o Hub audiovisual-industria cultural, baixo o que se poderán desenvolver todo un conxunto de iniciativas dirixidas a mellorar a competitividade das empresas e profesionais dos sectores culturais galegos. Elaborar programas e dispoñer de incentivos deseñados conxuntamente co sector, planificados para afrontar con máis garantías os retos dun entorno cada vez máis globalizado, establecendo sinerxías, avanzando na transformación dixital, na xestión empresarial e no coñecemento, e reforzando a aposta polo sector cultural como un dos piares do crecemento futuro da economía galega.

17 TRANSACCIÓNS PP + BNG

1) 53. ter.- Poñer en marcha un Plan de Impulso a Dixitalización e Sustentabilidade da cadea loxística para o transporte e distribución de mercadorías que mellore a eficiencia do sistema de transporte de mercancías, apoiando a pequenos e medianos transportistas a través da introdución da tecnoloxía e o fomento da intermodalidade, tendo en conta os compromisos de descarbonización asumidos internacionalmente e crecente importancia da mobilidade nas cidades e pobos, en colaboración co sector privado.

2) 54.bis.- A Comisión insta a Xunta de Galicia a elaborar un Plan de mobilidade e velocidade segura nas estradas galegas. Programa de actuacións de seguranza viaria e accesibilidade co obxectivo de protexer as persoas usuarias máis vulnerábeis: viandantes, ciclistas, motoristas. Actuacións de calmado de tráfico, sinalización, redución de velocidade, prevención de accidentes con fauna, prevención de atropelos, urbanización de travesías, circunvalacións e variantes... Ademais, promoveranse actuacións específicas de mellora da seguridade e accesibilidade de paradas de autobús, e de mellora da seguridade en pasos de peóns

3) 54 ter. A Comisión insta á Xunta á elaboración no presente ano 2021 dun Programa de obras de mellora da rede viaria con especial atención a Circunvalacións urbanas e impulso da Rede de Vías de Alta Capacidade, coa dobre finalidade de mellorar a conectividade e a seguridade viaria. Este programa ten tamén como obxectivo impulsar a obra pública como mecanismo de reactivación económica.

4) 55 ter.- Estratexia galega do ferrocarril como modo de mobilidade sustentable e vertebrador do século XXI, a través da modernización do ferrocarril convencional e da creación de novas liñas que garantan vertebrar territorial e socialmente a Galicia; o impulso do transporte de mercadorías así como a conexión ferroviaria dos portos e o desenvolvemento de nós loxísticos. Nese senso, esta Comisión insta ao Goberno de España a establecer como prioridades para a modernización:

- Proxectos de modernización do ferrocarril convencional e de creación de novas liñas:

1. Modernización da liña Ferrol-Ribadeo.
2. Modernización e novos trazados na liña Coruña-Ferrol.
3. Modernización da conexión Lugo-Coruña/Ferrol.
4. Modernización (electrificación, novos trazados, dobre vía) liña Ourense-Lugo.
5. Conexión Vigo-Porto: saída sur e alternativa a paso por Porriño.
6. Modernización da liña Vigo-Ourense.
7. Plan de mellora dos servizos ferroviarios para a vertebración territorial e a mobilidade sustentábel.
8. Plan de desenvolvemento do transporte de mercadorías por ferrocarril (Plan Director do Corredor Atlántico, estudo do Eixo Atlántico).
9. Treito A Coruña-Santiago.
10. Treito Santiago-Redondela.
11. Treito Vigo-Guillarei.
12. Treito Guillarei-Ourense.
13. Treito Ourense-Monforte de Lemos.
14. Treito Monforte-Cobas.

15. Treito Cobas-Ponferrada.
16. Treito Ponferrada-León e A Coruña-Ferrol.
17. Plan de conexión ferroviaria dos Portos e desenvolvemento de nós loxísticos: conexión Porto Punta Langosteira, Porto de Vigo, Porto Seco Monforte, PLISAN...

5) 55 quater.- A Comisión insta a Xunta de Galicia a elaborar un Plan de desenvolvemento do sistema loxístico do transporte por estrada, coa creación de infraestruturas/ servizos e a renovación progresiva dos vehículos para o uso de tecnoloxías menos contaminantes.

6)141 bis.- Aprobar gradualmente os Plans de conservación e recuperación de especies ameazadas, en perigo de extinción e vulnerables, que aínda non contan con este instrumento de xestión, para dar cumprimento ao previsto na Lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade e na Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

7) 238 bis.- Mellorar e revisar as condicións laborais das persoas traballadoras do sector dos coidados, como as persoas traballadoras das residencias ou as do servizo de axuda no fogar. Para tal fin a Comisión propón impulsar no seo da FEGAMP a idoneidade de incluír cláusulas sociais e de igualdade nos pregos de licitación co obxecto de garantir que aquelas empresas sobre as que recaían condenas xudiciais firmes por vulneracións dos dereitos laborais das persoas traballadoras, non poidan concorrer a novos procesos.

8) 238.ter.- Elaborar un plan de formación continua dirixido ao persoal sociosanitario, especialmente ás dos servizo de axuda no fogar e o persoal do centro de día e residencias.

9)259.bis.- Crear unha Lei autonómica para o terceiro sector que regule o papel das entidades sociais e a súa participación nos procesos de inclusión social.

10) 267.- Creando un Sistema Público de Alertas Epidemiolóxicas e Emerxencias Sanitarias, co obxecto de crear unha rede de alerta e un sistema integrado de prevención e resposta rápida diante de crises de saúde pública. Para iso, deberá incrementarse a capacidade diagnóstica do sistema sanitario público galego mediante a dotación de novos medios ao Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, que lle permitan o proceso de probas

PCR e complementar así a capacidade dos laboratorios de microbioloxía dos complexos hospitalarios, así como con dotación de persoal, recursos, e tecnoloxía como unha rede de sensores ou puntos sentinela que permitan a monitorización a análise de augas residuais e doutros indicadores, tanto ambientais como sanitarios.

11) 351.bis.- Impulsar en diálogo co sector unha nova Lei Galega de Audiovisual que responda á realidade actual.

12) 355.bis.- Impulsar a Lei Galega de Artes Escénicas e máis un plan director que desenvolva medidas concretas para a creación, a produción, a programación e a distribución, que inclúan apoio especializado para unha maior profesionalización, fortalecemento económico e difusión social, co obxectivo de mellorar as condicións laborais e combater a precariedade.

13) 357.- Reforzar a presenza da lingua galega no ámbito das familias e nos contornos sociais, afrontando a potenciación do galego nos espazos tecnolóxicos de vangarda, apostando pola potenciación da tecnoloxía lingüística e da intelixencia artificial, e asegurando os futuros usos da lingua. Neste ámbito, deberá apostarse polo desenvolvemento de programas innovadores, entre eles, a iniciativa denominada “NÓS: Intelixencia artificial ao servizo da lingua galega”, tecnoloxías en asistentes de voz, tradución automática e axentes conversacionais en galego, que permitan a calquera empresa ou desenvolvedor de solucións tecnolóxicas empregar de xeito gratuíto o galego.

14) 360.bis.- Desenvolver o proxecto “Memoria dixital de Galicia”, que forma parte da Estratexia da Cultura Galega e da Estratexia Galicia Dixital, e que servirá de pulo para o coñecemento, conservación, divulgación e dixitalización do patrimonio oral e inmaterial galego.

15) 382 bis.- A Comisión tamén insta á Xunta a potenciar os sistemas alternativos á vía xudicial para resolución de conflitos, nomeadamente a conciliación e mediación; o que puideran facilitar un acordo en procedementos xudiciais xa iniciados.

16) 382.ter.- Así mesmo a Comisión insta á Xunta de Galicia a dotar á administración de xustiza de equipos e programas debidamente actualizados que permitan facer efectiva a tramitación electrónica dos procedementos e a celebración telemática de dilixencias xudiciais no idioma propio de Galicia. O anterior será sen prexuízo da preferencia da celebración presencial das vistas e xuízos.

17) 382.quater.- Nesta mesma área, instar a regulación, con todas as garantías, das actuacións xudiciais por vía telemática, así como facilitar a opción do teletraballo ao persoal ao servizo da administración de xustiza para o que haberá de avanzar na dixitalización documental, creando un servizo común a tal fin.

13 TRANSACCIÓNES PP + PSEO

- 1) 24. bis.- A Comisión insta á Xunta a demandar do Goberno de España, receptor dos fondos europeos para desenvolver estas políticas, a que complete a dixitalización do territorio a través da banda ancha e móbil e promover un despregamento territorial das infraestruturas e servizos 5G, garantindo a conectividade de banda ancha e Internet móbil a todos os concellos do país e asegurando que chegue as explotacións agrarias e gandeiras que en moitas ocasións se atopan en lugares afastados das capitalidades municipais, para cumprir os obxectivos marcados na Axenda Dixital para Europa.
- 2) 71. bis .- A Comisión insta á Xunta de Galicia a incorporar a perspectiva de xénero na toma de decisións e medidas para evitar unha dobre discriminación ás mulleres con discapacidade.
- 3) 79 bis.- A Comisión estima necesario mellorar os servizos básicos do medio rural, tanto das oficinas agrarias comarcais como os puntos de encontro das Brigadas forestais, a través do impulso dun Plan de Mellora de Atención no Rural, tanto en relación ao despregue territorial como á mellora sistemática da atención aos nosos agricultores e gandeiros.
- 4) 80.bis.- A Comisión considera necesario darlle un carácter prioritario ás iniciativas de transformación dos produtos agrarios e forestais, en especial ás que contén con participación dos produtores.

- 5) 85.bis.- Co obxecto de dar cumprimento aos obxectivos establecidos na Lei de Recuperación de Terra Agraria de Galicia, a Comisión propón ampliar o orzamento da última convocatoria en 2020 das axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas.
- 6) 110.bis.- A Comisión insta á Xunta de Galicia a elaborar xunto coas administracións e institucións con competencias na materia e os axentes económicos e sociais un Programa de fortalecemento das pemes galegas, especialmente con medidas de internacionalización, dixitalización e colaboración empresarial, así como mellorar os instrumentos financeiros de apoio.
- 7) 203.- Nuns momentos nos que a caída da actividade se traslada a baixadas na recadación tributaria, o cumprimento das obrigas fiscais é dobremente importante. A sensibilización e concienciación fiscal da cidadanía neste momento de pandemia, no que se disparou o gasto social e se produciu unha caída dos ingresos pola falta de actividade, debe ser un dos instrumentos para fortalecer o gasto público. Por elo, a Comisión insta a seguir reforzando a prevención e loita contra a fraude fiscal e a economía irregular, dando prioridade aos esforzos da Axencia Tributaria de Galicia nos colectivos de non declarantes e nos grandes patrimonios.
- 8) 243 bis.- A Comisión insta á Xunta de Galicia á creación dun órgano de participación de persoas maiores en Galicia, establecendo unha canle de comunicación e colaboración periódica co colectivo de persoas maiores, para ter en conta desde a propia administración ás consideracións do colectivo implicado.
- 9) 335.bis) Desenvolver e impulsar medidas para que todas as familias dispoñan do equipamento tecnolóxico necesario (dispositivo e conectividade), como vía para a superación da fenda dixital, cun programa específico que protexa ás familias e alumnado en situacións de vulnerabilidade.
- 10)350. Reactivar os sectores culturais de Galicia a través de plans e programas específicos que afronten a necesaria aposta pola dixitalización, a innovación, a dinamización da lectura, a proxección exterior, o apoio á creación ou o reforzo da presenza da cultura no medio rural.

- 11) 352 bis.- Elaborar protocolos unificados que establezas criterios claros e inequívocos en canto a cabidas e medidas de seguridade sanitaria para o desenvolvemento e organización de actividades culturais no interior, á imaxe das que xa existen nas actividades culturais previstas no exterior.
- 12) 355.- Apoiar ao sector do videoxogo mediante novas iniciativas e programas destinados a este ámbito co reto de aproveitar para Galicia as posibilidades de impacto económico e establecer sinerxías entre os creadores galegos e os profesionais implicados no desenvolvemento tecnolóxico. Nesta mesma liña posta en marcha dun programa de ocio interactivo e cultura dixital con liñas de apoio para este sector emerxente.
- 13) 403.bis.- A Comisión insta á Xunta de Galicia a promover e impulsar dentro do ámbito das súas competencias, a racionalización e axuste dos horarios laborais que contemple fórmulas que non penalicen á carreira profesional das mulleres.

APROBADAS CO VOTO EN CONTRA DO BNG

3 TRANSACCIÓNS DO PP + PSOE

- 1) 81.- Consolidación do sector lácteo galego: A finais de 2020, o sector leiteiro de Galicia, coa coordinación da Consellería do Medio Rural, elaborou a súa estratexia para os vindeiros anos. Entre as propostas que recolle a Estratexia do sector lácteo está a posta en marcha dunha marca de leite de pastoreo. Galicia pode ser pioneira na produción de leite amparada por unha marca de garantía en España, tanto por ser a primeira en facelo como por ser a que ten as mellores condicións climáticas e estruturais. Por outra banda, o consumidor demanda cada vez máis produtos respectuosos co medio ambiente e cos animais de granxa, e está disposto a pagar máis por estes alimentos. Xa está solicitado o rexistro da marca denominada “Leite de pastoreo de Galicia” na Oficina Española de Patentes y Marcas, e as explotacións acollidas a ela deberán demostrar que cumpren coas condicións mínimas establecidas para o pastoreo das vacas, o que supón un investimento importante en tecnoloxía de control destes animais. Por todo o exposto, a Comisión insta ao Goberno

Galego a que apoie ás explotacións adheridas á marca “Leite de pastoreo de Galicia” mediante o financiamento de sistemas homologados de certificación do pastoreo, co fin de orientar a transformación do sector ao pastoreo e dar máis viabilidade económica ao agro galego.

- 2) 81. bis. A Comisión insta á Xunta de Galicia a dar continuidade, á imaxe do feito coa Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego, coa aprobación de plans estratéxicos noutras actividades de produción e transformación, en particular, gandaría extensiva e intensiva, o viñado, as producións hortofrutícolas, a produción ecolóxica e o cumprimento do plan forestal.
- 3) 8 bis.- A Comisión insta a Xunta de Galicia a elaborar un Plan de apoio aos matadoiros e á industria de transformación para a valorización dos produtos cárnicos galegos.

APROBADAS COA ABSTENCIÓN DO BNG

12 TRANSACCIÓNS PP + PSOE

- 1) 104.- No estímulo de consumo, baseado na realización de campañas de fomento e promoción de produtos do mar e do seu consumo mediante a mellora da súa accesibilidade por custe, alén de centrar tamén as mesmas no aumento da valorización dos produtos, co acento nos beneficios do seu consumo, na trazabilidade e identificación da orixe daqueles nacionais ou locais, de forma que se xere maior confianza dos consumidores en produtos ou marcas.
- 2) 108 bis.- No contexto actual resultan moi necesarias accións de formación e de sensibilización para promover o relevo xeracional no sector primario e marítimo-pesqueiro. Na última década, saíron dos centros de formación dependentes da Consellería do Mar preto de 1.570 titulados profesionais en ensinanzas marítimo-pesqueiras, e tivo lugar unha ampliación da oferta formativa que propiciou que a media anual de matriculados medrase nun 60% nos últimos dez anos. Neste senso, a Comisión propón o impulso de programas e incentivos específicos para a empregabilidade de mozos e mozas na diversificación do sector primario do agro e do mar e na transformación dos produtos destes sectores.

- 3) 110.- Tamaño empresarial: As pemes (ao igual que no resto de España) representan case a totalidade do tecido produtivo galego, cun claro predominio das microempresas. De feito, o 96% das empresas da nosa Comunidade non teñen asalariados ou ben estes non chegan á cifra de 10. O reducido tamaño das empresas pode supoñer unha importante desvantaxe, pois canto máis pequena, máis dificultades pode ter para investir en innovación, modernización ou mesmo internacionalizarse, limitando a súa competitividade nunha economía cada vez máis global. Neste contexto, convén poñer en marcha actuacións para crear unha contorna favorable para os procesos de crecemento empresarial, prestando especial atención ás empresas innovadoras e de base tecnolóxica (Startups). Por estes motivos, a Comisión considera necesario establecer medidas de apoio destinadas a impulsar o aumento do tamaño das empresas galegas.
- 4) 144.bis.- Elaborar o inventario galego de humidais previsto no Decreto 127/2008, de 5 de xuño.
- 5) 201.- Para incentivar, facilitar e favorecer a actividade económica en todo o territorio e en particular para as zonas rurais, co obxectivo de lograr a fixación de poboación e de actividade económica evitando o seu despoboamento e abandono. Por iso, dentro das competencias autonómicas, a Comisión considera conveniente manter os beneficios e estímulos fiscais xa establecidos nas transmisións onerosas e actos xurídicos documentados que afecten á adquisición de inmobles vencellados a iniciativas empresariais, así como nos documentos notariais que formalicen a adquisición onerosa, agrupación, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobles, que serán maiores de atoparse os inmobles en zonas pouco poboadas ou áreas rurais, co obxectivo de lograr a fixación de poboación e de actividade económica nelas evitando o seu despoboamento e abandono.
- 6) 253.bis.- A Comisión insta á Xunta a incluír no marco da renovación da Axenda Social Única de Galicia o compromiso de incrementar a dotación do Plan Concertado e o persoal de servizos sociais mellorando a ratio de traballadores nas estruturas básicas deste servizo, achegándonos á media estatal.
- 7) 276.- Avanzando cara a recuperación da atención presencial na Atención Primaria, facilitando os recursos necesarios para que os criterios desta sexan determinados polo que establezan profesionais e pacientes. Os

avances en novas tecnoloxías deben axeitarse á súa utilidade para o funcionamento do sistema e ás necesidades asistenciais, tomando as TICs como instrumento e ferramenta pero non como un fin en si.

- 8) 308.- Desenvolvendo un proceso de renovación da infraestrutura tecnolóxica do SERGAS para dotarse de hardware, servidores e capacidade de almacenamento e conectividade para garantir o funcionamento axeitado das novas solucións tecnolóxicas que se implanten. Incluír aos profesionais como partícipes do deseño da dotación tecnolóxica de cara á optimización dos recursos e garantindo unha formación axeitada para o emprego dos novos equipos.
- 9) 328.- A xuízo da Comisión, a evolución da educación pública en Galicia no futuro inmediato debe orientarse cara á súa modernización, dixitalización e innovación educativa, co obxectivo de ofrecer aos galegos unha educación integral e de calidade. Por isto, a Xunta debe impulsar:
- 10) 335. A implantación de experiencias sobre Intelixencia Artificial, Robótica, vocacións STEAM e tecnoloxías intensivas no ensino galego, cun enfoque que integre equipamentos, contidos e adquisición de competencias. Trátase de dar continuidade e ampliar experiencias previas como Edixgal e a Estratexia Galega de Educación Dixital-Edudixital 2020 para dar un salto de calidade e innovación a través dun novo Edudixital 2030, deseñado como un novo programa de transformación educativa dixital e tecnolóxica nos centros educativos.
- 11) 336. A afondar na especialización do ensino dixital e da innovación educativa, para o que será fundamental prestar atención ás infraestruturas, aos equipamentos, aos contidos e ás metodoloxías pedagóxicas. Impulsar, en colaboración co Goberno do Estado, un Plan de Impulso da Educación Online mediante a xeneralización da posibilidade de uso de plataformas educativas por todos os centros educativos e o acceso á teledocencia.
- 12) 337. A implementación dun proceso de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais dixitais, no que se teña en conta a formación inicial e ao longo do tempo das persoas. E, en relación con este ámbito, desenvolver un plan formativo específico para adquisición e mellora da competencia

dixital do profesorado, cara a un emprego óptimo dende o punto de vista pedagóxico das ferramentas tecnolóxicas dispoñibles.